

## ANUNCIO

### BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE DOUS POSTOS DE POLICIA LOCAL

Por Resolución da alcaldía núm. 1444/2025, do 19.11.2025, aprobáronse as bases para a cobertura mediante comisión de servizos voluntaria de dous postos de policía local, que se transcriben a continuación:

### BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE DOUS POSTOS DE POLICIA LOCAL

#### PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a provisión en comisión de servizos de carácter voluntario de dous postos de Policía Local da escala básica, de conformidade cos artigos 81-3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 e 96 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, coas seguintes características:

- Grupo/subgrupo de clasificación: C/C1
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Servizos Especiais
- Nivel de complemento de destino: 20
- Complemento específico mensual: 897,31€

O período durante o que se cubrirá a vacante en comisión de servizos será ata a provisión definitiva da mesma ou reincorporación do funcionario de carreira titular do posto, por un período máximo dun ano prorrogable por outro mais, sen prexuízo doutros supostos de finalización previstos no artigo 33 do Decreto 151/2022.

#### SEGUNDA.- Requisitos das persoas aspirantes

Para participar na presente convocatoria será necesario reunir os seguintes requisitos referidos á data de finalización do prazo de presentación de instancias:

- Ter a condición de persoal funcionario de carreira, pertencente á escala básica, categoría Policía Local, subgrupo de clasificación profesional C1, tal e como se indica na RPT en vigor.
- Atoparse en situación de servizo activo efectivo

#### TERCEIRA.- Presentación de solicitudes

As solicitudes para tomar parte neste proceso de provisión temporal de posto vacante presentaranse conforme á instancia do Anexo I no rexistro electrónico xeral do Concello de Fene no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria xunto coas súas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Anuncio que será publicado igualmente xunto coas presentes bases na páxina web deste Concello e nos taboleiros de anuncios municipais.

As solicitudes poderán presentarse tamén na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deberá presentarse xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Instancia de participación. (Anexo I)
- Copia do nomeamento como funcionario/a de carreira na categoría de Policía Local
- Currículo vitae onde se indiquen os méritos que a persoa aspirante considere oportuno acreditar
- Certificado do concello de orixe acreditativo de que o/a aspirante é persoal funcionario de carreira do corpo da Policía Local, con praza de Policía Local, escala básica, subgrupo de clasificación profesional C1 e que se atopa en servizo activo efectivo. No mesmo certificado deberá determinarse o tempo de prestación de servizos como policía local no concello e, de ser o caso, a prestación de servizos como policía local noutros concellos. Tal certificado ha de vir acompañado de informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Relación dos méritos que se aleguen acompañada dos documentos acreditativos dos mesmos.

Se a solicitude se presenta de maneira presencial no Rexistro Municipal, os documentos acreditativos dos méritos deberánse presentar en orixinal ou en copia compulsada para a súa dixitalización, de conformidade co artigo 16-5 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Igualmente teranse que presentar en orixinal ou copia compulsada os documentos que se presenten de maneira presencial a través das outras oficinas relacionadas no artigo 16-4 da Lei 39/2015 indicada, ben para a súa dixitalización ou ben para a súa directa remisión se carecen de rexistro electrónico.

Os aspirantes que presenten os documentos acreditativos dos méritos a través da sede electrónica poderán ser requiridos pola comisión de valoración en calquera momento para a presentación dos documentos orixinais ou copias compulsadas dos mesmos, co fin da debida acreditación dos méritos alegados.

#### CUARTA.- Relación de persoas admitidas

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de persoas admitidas/excluídas que será publicada nos taboleiros de edictos deste Concello e na páxina web municipal, concedéndose o prazo de dous días hábiles para reclamacións. As ditas reclamacións, de habelas, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará igualmente a lista definitiva.

No caso de non haber reclamacións ditarase igualmente resolución declarando a lista como definitiva.

Esta resolución aprobatoria da lista definitiva será igualmente publicada nos taboleiros de edictos do Concello e na páxina web municipal.

#### QUINTA.- Desenvolvemento do proceso selectivo

O sistema selectivo empregado será o do concurso no que se valorarán os seguintes méritos:

##### 1.- Experiencia laboral:

- Por cada mes completo prestado en postos de traballo da escala básica de Policía Local, categoría Policía Local: 0,10 puntos.

- Por cada mes completo prestado noutros corpos ou forzas de seguridade do Estado ou Comunidades Autónomas: 0,05 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia laboral só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

Estes méritos acreditaranse mediante as correspondentes certificacións expedidas polas Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos.

A puntuación máxima por experiencia laboral será de seis (6) puntos.

##### 2.- Formación:

Por cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública ou mediante convenios ou protocolos de colaboración da mesma con concellos, deputacións, e outras entidades públicas:

- Por cada hora de formación: 0,02 puntos.

Non se terán en conta para os efectos de valoración os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade, nin os cursos repetidos salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso. Soamente serán valorados os cursos realizados nos últimos dez anos anteriores á publicación da convocatoria.

Para a acreditación destes méritos deberá presentarse certificación ou diploma expedido pola entidade ou organismo que impartiu a acción formativa de que se trate que deberá expresar a súa duración en horas, xa que no seu defecto se outorgará a puntuación mínima de 0,02 puntos.

A puntuación máxima por formación será de catro (4) puntos.

#### SEXTA.- Comisión de valoración

A comisión de valoración estará constituída por un presidente, un secretario e tres vocais e a designación nominal dos mesmos e dos seus suplentes realizarase a través da resolución municipal que aprobe a lista provisional de admitidos/excluídos a este proceso selectivo e será publicada coa mesma.

Os membros desta comisión de valoración terán que ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo das administracións públicas pertencentes a corpos, escalas ou categorías para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso á categoría de Policía Local (subgrupo de clasificación profesional C1).

A comisión de valoración non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto e estarán suxeitos ó disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público sobre causas de abstención e recusación, e aos dereitos de indemnización por asistencia do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

#### SÉTIMA.- Cualificación do concurso

A cualificación final do concurso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes.

Logo da valoración dos currículos presentados, as puntuacións obtidas polos/as aspirantes serán publicadas na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello. Os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do concello para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas.

Resoltas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, a comisión fará públicas no taboleiro de anuncios e na web do Concello a listaxe definitiva de aspirantes coa puntuación final obtida de maior a menor. En caso de empate na puntuación final acudirase para dirimilo á puntuación global outorgada no apartado de experiencia laboral. De persistir o empate acudirase á maior puntuación obtida na categoría de Policía Local dentro do apartado de experiencia laboral. E se segue persistindo o empate, a orde se establecerá por sorteo en acto público.

Non obstante, a relación definitiva dos aspirantes por orde de puntuación elaborada pola comisión de valoración poderá ser utilizada para que aqueles aspirantes que non foron incluídos na proposta de nomeamento poidan ser nomeados no caso de renuncia ou de imposibilidade de incorporación de algún dos aspirantes propostos ou ante a necesidade dunha nova comisión de servizos durante o prazo máximo dun ano contado a partir da publicación desta relación definitiva de aspirantes por orde de puntuación.

#### OITAVA.- Proposta para o nomeamento

Unha vez elaborada a relación de aspirantes por orde da puntuación final obtida de maior a menor, a comisión de valoración exporá a mesma na páxina web municipal e nos taboleiros de anuncios municipais, coa designación dos aspirantes propostos para o nomeamento. Dado que en ningún caso o número de aspirantes propostos pode exceder do número de postos convocados, a relación definitiva de aspirantes propostos para o nomeamentos se confeccionará cos dous aspirantes que obteñan mais puntuación.

A dita relación os aspirantes poderán presentar as alegacións ou reclamacións que consideren pertinentes no prazo de dous días hábiles contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

No suposto de non existir alegacións ou reclamacións esta relación provisional se elevará a definitiva. No caso de presentarse alegacións ou reclamacións, estas serán resoltas pola comisión de valoración que elaborará seguidamente a relación definitiva de concursantes por orde de puntuación que será publicada nos mesmos medios que a relación provisional.

Seguidamente, a comisión de valoración elevará ao órgano competente a proposta de nomeamento en comisión de servizos dos dous aspirantes que houberan obtido a maior puntuación na valoración de méritos.

Non obstante, a relación definitiva dos aspirantes por orde de puntuación elaborada pola comisión de valoración poderá ser utilizada para que aqueles aspirantes que non foron incluídos na proposta de nomeamento poidan ser nomeados no caso de renuncia ou de imposibilidade de incorporación de algún dos aspirantes propostos ou ante a necesidade dunha nova comisión de servizos durante o

prazo máximo dun ano contado a partir da publicación desta relación definitiva de aspirantes por orde de puntuación.

**NOVENA.-** Presentación de documentos, nomeamento e toma de posesión

No prazo de cinco (5) días contado a partir da publicación na páxina web e nos taboleiros de anuncios municipais da relación definitiva de aspirantes por orde de puntuación, as persoas aspirantes propostas deberá presentar no rexistro xeral do concello o documento acreditativo da conformidade expresa do órgano competente da administración de procedencia coa comisión de servizos obxecto desta convocatoria.

As persoa aspirantes propostas que presente a documentación referida serán nomeadas funcionarias en comisión de servizos polo órgano competente debendo tomar posesión do respectivo posto no prazo establecido no artigo 64.3 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo: se a comisión non implica cambio de residencia do funcionario, o cesamento e a toma de posesión deberán producirse no prazo de tres días desde a notificación do acordo de comisión de servizos; se implica cambio de residencia, o prazo será de oito días hábiles.

No caso de que no prazo concedido os seleccionados non tomasen posesión do posto, o nomeamento realizado quedará sen efectos e poderá nomearse a outras persoas aspirantes sen necesidade dunha nova convocatoria ou ben efectuarse unha nova convocatoria, se se considera polo órgano competente que ningunha das persoas candidatas restantes reúne os requisitos de competencia e idoneidade profesional necesarios para o desempeño do posto.

**DECIMA.-** Incidencias

A comisión de valoración queda autorizada para resolver cantas dúbidas se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativo, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**ANEXO I.-** MODELO DE SOLICITUDE

Don/Dña....., con DNI.....; Enderezo en....., Concello .....,Provincia....., C.P.....; Teléfono.....; Correo electrónico.....

**SOLICITO:**

1 Participar no proceso para a provisión polo procedemento de comisión de servizos de dous prazos de Policía Local vacantes no Concello de Fene publicado no BOP da Coruña do \_\_\_\_\_

2 Declaro responsablemente que:

2.1 Estou en situación de servizo activo efectivo ostentando a condición de funcionario/a de carreira na categoría de Policía Local.

2.2 Non me atopo incurso/a nun procedemento sancionador/xudicial que sexa incompatible co desenvolvemento das súas funcións.

2.3 Que os datos contidos na documentación entregada para participar no proceso son veraces

3 Achego a seguinte documentación:

- € Fotocopia do DNI
- € Copia do nomeamento como funcionario/a de carreira na categoría de Policía Local
- € Currículo vitae onde se indican os méritos que se considera oportuno acreditar
- € Certificado do concello de orixe acreditativo do establecido na cláusula terceira das bases do proceso
- € Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- € Documentos acreditativos dos méritos relacionados para a súa valoración no currículo vitae achegado

En ....., a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura:

ALCALDESA DO CONCELLO DE FENE

En Fene, asinado dixitalmente o 20.11.2025 pola alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso